

**EUGENIO MONTES: O DISCURSO DUN PENSADOR DA DEREITA
REACCIONARIA ESPAÑOLA**

Eugenio Montes: A Spanish Reactionary Right-Wing Discourse

ADRIÁN PRESAS SOBRADO

Universiade de Vigo - Facultade de Historia
Estudante de doutoramento de Historia Contemporánea

Recibido: 04/05/2015
Aceptado: 11/03/2016

Resumo

Neste artigo estúdase o pensamento de Eugenio Montes mediante a análise das obras nas que se recompila a parte fundamental da súa produción como articulista e orador. Montes, influenciado polo círculo da dereita reaccionaria española exemplificado no caso de Acción Española, elaborou un corpus cultural-ideolóxico que conformou un pensamento estruturado ao redor de conceptos clave que supuxeron a síntese da ideoloxía nacional-católica da ditadura franquista.

Palabras chave

Intelectuais. Dereita reaccionaria. Acción Española. Fascismo. Falanxe Española.

Abstract

Along this text we give shape to Eugenio Montes thought through the read of his works in which of those is compiled his production as columnist and orator. Montes, influenced by the reactionary right-wing Acción Española, made an ideological and cultural corpus which was the key to understand the fascist ideology in Spain before and during the dictatorship of Franco.

Key Words

Intellectuals. Reactionary right-wing. Acción Española. Fascism. Falange Española.

1. Introducción

Eugenio Montes Domínguez foi un dos escritores que, ao redor da figura José Antonio Primo de Rivera, participou na fundación de Falange Española por aqueles inicios dos anos trinta concorrendo aos faladoiros que realizaban na *Ballena Azul* ou no *Or-Kom-Pom* de Madrid. A produción histórica e literaria sobre aqueles membros da «corte literaria» de José Antonio, Giménez Caballero, Foxá, Ridruejo, Sánchez Mazas ou Miquelarena, é máis ou menos intensa. É evidente que o peso histórico de Giménez Caballero ou de Sánchez Mazas, por poñer un exemplo, é moito maior que o de outros autores polo seu papel de impulsores do movemento fascista en España. A obra *Madrid, de corte a checa*, de Agustín de Foxá, está considerada como unha das máis senlleiras da literatura española contemporánea; mentres, Dionisio Ridruejo, é o punto de encontro fundamental para historiadores da política e da cultura coas súas *Casi unas memorias*. Entre estes, Eugenio Montes recibiu unha escasa atención cando podemos estar ante un dos escritores máis ricos polo que de estruturado é o seu discurso e pensamento; e polo que de variado ten a súa obra comprendendo as dúas etapas que abarcou: a primeira de influencia galeguista, e a segunda de influencia da dereita reaccionaria española.

O obxectivo deste texto será construír esa liña que permita comprender o discurso de Eugenio Montes, dentro da corrente de pensamento da dereita española dos primeiros anos trinta. Pero tamén entender a evolución dese pensamento durante a ditadura franquista. Unha ditadura que atopou unha das súas bases ideolóxicas nos postulados de *Acción Española*, un grupo de intelectuais que avogaba por unha España grande e imperial, católica e tradicional, e que renegaba de todas aquelas influencias que puideran vir dende o exterior. Para isto, o primeiro é saber quen foi Eugenio Montes.

2. O percorrido vital de Eugenio montes: das vagardas ao fascismo

Unha das primeiras cuestións que centraron a figura de Eugenio Montes foi o seu lugar de nacemento. Javier Gutiérrez Palacio solucionou a dúbida datando o seu nacemento na cidade de Vigo o 24 de novembro de 1900¹. Pablo e Mónica Carbajosa fixeron súa esta data e emprégana para explicar os primeiros anos do mozo Eugenio Montes no Bande natal de seus pais, a onde se desprazou a vivir até co-

1 GUTIÉRREZ PALACIO, J. (1989): *Eugenio Montes: prosista del 27. Estudio crítico y antología*, Ourense, Caixa Ourense, cit. en: BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (2012): 477.

mezar os seus estudos de bacharelato na cidade de Ourense². Unha cidade na que o escritor, xa dende a súa chegada, tomou contacto cos intelectuais do momento mantendo charlas que o propio Montes consideraba parte esencial da súa formación. Entre os persoeiros que centraban as charlas estaban Marcelo Macías, Vicente Risco e, en canto marcha a estudar a Madrid, José Ortega y Gasset. Eduardo Blanco Amor, participando nun faladoiro, destacaba unha das facetas que marcarán sempre a Montes: o dandismo. Blanco Amor expresouno así:

O Euxenio era o máis informado, escoitado e «agresivo» do grupo, endebén a súa intelixencia fose unha variante do seu dandismo (que con todo non era snobismo) intelectual e indumentario, aboiando no valeiro dunha dialéctica escintilante e unha miga sádica, que xogaba a nos extraviar. A fin de contas rematou pexado nos seus propios tramallos, incluso políticos, pesie a validez innegábel do seu estilo en castelán e aos seus importantes, endebén escasos, aportes a lingua literaria galega³.

Precisamente, por medio da participación nestes faladoiros, Montes iniciou o seu contacto coas vangardas da man Guillermo de Torre, que xunto con Rafael Cansinos-Assens, foi o maior impulsor do ultraísmo en España. Os vangardistas eran rebeldes, iconoclastas, mostraban a súa diferenza a través das súas vestimentas; e Montes, sumando o seu dandismo, era un modelo a seguir. A volatilidade da xuventude destes primeiros anos do século XX explícase por unha Europa en crise política, económica e social; o nacemento do socialismo revolucionario e a súa translación a un modelo de estado como foi a Rusia bolxevique; ou o xurdimento do fascismo en Italia, non só como reacción ao socialismo, senón tamén como unha maneira de contestación cultural.

A historiografía ten destacado o importante labor de *La Centuria* como lugar de encontro entre o máis selecto da vangarda ourensá do momento⁴; así como o papel de Antón Losada Diéguez á hora de atraer os seus membros cara o galeguismo⁵. En 1916 aparece a primeira Irmandade da Fala na Coruña; e nesta altura *La Centuria* tiña xa algúns números publicados. A «xeración de *La Centuria*⁶», como a denominou Blanco Amor, naceu ao acubillo de Marcelo Macías e da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense. Nela participaban, ademais de Montes, Xavier Bóveda, Sebastián Martínez-Risco, Álvaro e Augusto de las Casas, Primitivo Rodríguez

2 CARBAJOSA, M. e CARBAJOSA, P. (2003):22.

3 BLANCO AMOR, E. (1996): *A Contrapelo*, A Coruña, La Voz de Galicia, cit. en: BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (2012): 483.

4 VALCÁRCEL LÓPEZ, M. (1987): *A prensa ourensá e a súa provincia*, Ourense, Deputación Provincial.

5 BERAMENDI, J. G. (1985).

6 VALCÁRCEL, M. (2001).

Sanjurjo, Xosé Ramón Fernández Oxea ou Vicente Risco. O vangardismo do Montes dos vinte afondouse en Madrid coa participación en *Cervantes* e cos primeiros contactos con Gerardo Diego, Guillermo de Torre ou mesmo con García Lorca.

Mais nun primeiro momento o grupo vangardista galego mantívose fóra do proxecto do galeguismo das Irmandades. Vicente Risco entrou no galeguismo cun mandato auto-imposto: afondar na identidade galega para preservala. E con Risco entrou tamén Montes. Mentres o primeiro se centraba no debate de Galicia como nación, de onde viña a súa esencia, Montes adoptou unha postura estética. Así o di Barreiro:

Risco quixo rendibilizar a militancia de Montes no galeguismo a través da creación literaria. Risco apostou polas vangardas sobre todo pola imaxe de Galicia, unha cultura integrada en Europa, e unha lingua con tantos rexistros que serve para acoller as máis arriscadas vangardas. E Montes asumiu esta aposta estética producindo unha serie de obras que tanto Risco, como Carballo Calero non deixaron de eloxiar, Montes era con Correa Calderón a punta de lanza desa aposta estritamente estética⁷.

Poderíamos falar dunha modalidade estética do galeguismo; unha vertente culturalista que máis alá de identificar a particularidade de Galicia buscaba incluíla nas tendencias artísticas e literarias que estaban a suceder en Europa. O que sucedeu foi que a vangarda radicalizouse: buscaba a destrución da orde social existente para a construción dunha nova. E isto a Risco, dende o seu convencemento ideolóxico, non podía máis que resultarlle perigoso.

Aínda que Montes pertencía ao galeguismo, a súa produción en lingua galega nunca foi destacada en número. A obra en galego redúcese aos *Versos a tres cás o neto*; os *Tres contos*⁸ titulados «O vello mariñeiro toma o sol», «O aníño da Devesa» e «Como na parábola de Peter Breughel»; e o ensaio publicado en *Nós*, en 1922, *Estética da muiñeira*. Xoán Rof Carballo recolleu nun primeiro volume dunha planeada escolma da obra de Montes os versos e o ensaio⁹. Rof destacou no limiar do volume as notables diferenzas entre o Montes que escribía en galego e o Montes que escribía en castelán. No segundo caso era un home barroco; mentres que no primeiro era extremadamente coídadoso e conciso. Para Rof, esa dicotomía entre o primeiro Montes en galego e o posterior de produción en castelán, fai que o escritor sexa «extraterritorial»; é dicir, un home que tiña dúas linguas maternas e que posuía a capacidade de expresarse en ambas as dúas sen ningún problema.

7 BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (2012):495.

8 MONTES, E. (1980).

9 MONTES, E. (1984).

Agora ben, se a vangarda chegou como un elemento que rachaba con todo o anterior buscando en moitos casos chamar a atención de formas e estilos novos, Eugenio Montes cansou de maneira serodia das innovacións que aquela propuña. A vangarda, como movemento que destruía os valores establecidos da sociedade burguesa, fixo aflorar en moitos intelectuais –o caso de Eugeni d’Ors foi o máis claro– o temor a unha revolución. Ortega, Spengler ou Paulhan viviron unha sensación similar:

Todos eles, [...] manifestan un sentimento común de desconfianza e de antipatía ante o gusto pola abstracción, por irracional, pola experimentación lingüística, que favoreceu, en definitiva, a ruptura cos códigos de orde e de verdades primordiais da civilización occidental¹⁰.

A ruptura da orde social establecida comezou a preocupar a Montes, tal e como xa preocupaba a D’Ors con anterioridade. Para Montes, a «beleza» pasa a ser «verdade» polo que esta ten de «orde», sendo esta última a que rexe todo o sistema do pensamento dorsiano. Esta concepción estilística, formal e ideolóxica, fará de Eugenio Montes, xa entrados os anos trinta, «un dos escritores contrarrevolucionarios máis relevantes»¹¹.

Despois de gañar unha cátedra de ensino secundario en Cádiz, Montes comezou a achegarse a Madrid conseguindo traslados a centros próximos á capital até chegar a ela. Ese distanciamento, non só de Galicia, tamén da vangarda, provocou outro distanciamento maior: o das novas xeracións galeguistas do territorio galai-co. Aquí localízase o punto de inflexión da traxectoria ideolóxica de Montes¹². En 1930 celebrouse en Barcelona un acto de desagravio organizado por escritores casteláns pola persecución á que se vira sometida a lingua catalá durante a ditadura de Primo de Rivera no que Eugenio Montes foi o representante das letras galegas. Despois deste acto, destacados persoeiros do galeguismo que non se sentiron representados polo escritor, redactaron unha carta no xornal madrileño *Nueva Galicia* no que deixaron clara a súa posición.

E asinaban a carta, entre outros, Ben-Cho-Shey, Luis Bouza Brey, Rafael Dieste, Enrique Fernández Sendón, Carlos Maside, José Otero Espasandín, Juan Rof Carballo, Domingo García-Sabell, Amando Suárez Couto ou Eduardo Rodríguez Somoza. Eugenio Montes xa non era considerado, polo tanto, un galeguista; e é evidente que el tamén se sentía apartado desta corrente.

Entendemos que para comprender a viraxe do galeguismo e a democracia cara o integrista oposto ao liberalismo, cómpre considerar que tanto Montes coma

10 AXEITOS, X.L. (2001).

11 CAÑO, J. (2001).

12 CARBAJOSA, M. E CARBAJOSA, P. (2003): 24–25 e 59.

Risco apostaron polos primeiros para poñer un tabique entre aqueles que buscaban a destrución do seu modelo social¹³. A posición do Partido Galeguista, que propiciou rachar co illamento culturalista que a tendencia de Risco impuxera no galeguismo con anterioridade, e que perseguía a consecución da autonomía, fixo saltar as alarmas. A participación das masas no xogo republicano por medio do sufraxio foi o outro cabalo de Troia que provocou a viraxe de Montes que, coma o seu mentor Eugeni d'Ors deixou de lado o catalanismo para defender o que para el era a cultura occidental que nada tiña que ver con vontades democráticas ou igualitarias. No fondo disto atopábase o medo spengleriano á revolución. Unha revolución a que Ortega y Gasset opoñía a idea da elite gobernante como mecanismo para sufocala¹⁴.

Por medio de persoeiros da vida madrileña que participaban nos faladoiros nos que Montes tomaba parte, este acabou por entrar en Acción Española. Unha vez aberta a porta deste grupo non cumpría facer moito máis para entrar a colaborar en *El Debate*, na propia revista de *Acción Española*, ou no prestixioso, e cumio para calquera escritor ou xornalista vinculado coa dereita, *ABC*. O grupo de Acción Española proporcionáballe traballo, dáballe un oco nas letras xornalísticas do estado, dáballe a complicidade e os parabéns dos seus, dáballe unha maior resonancia que en Galicia xamais tería acadado¹⁵.

O proxecto de *Acción Española* xurdiu a finais de 1931 cando a República española estaba recentemente nacida. Seguindo os preceptos marcados pola súa homónima francesa, o grupo de intelectuais reunidos ao redor de Ramiro de Maeztu manifestaron nas páxinas da súa revista un fervente nacionalismo mesturado cunha linguaxe radical. A isto houbo de engadirse o positivismo comtiano, a herdanza contrarrevolucionaria de Luis de Bonald e Joseph Maistre, os principios do tradicionalismo europeo, e a doutrina social católica¹⁶. Todo isto deu como resultado a formación dun neonacionalismo conservador que co estouro da guerra civil gañou resonancia e levou ao bando sublevado a cobertura social da sociedade española na que callaran eses ideais e os da Igrexa católica.

Dada a variedade que existía na dereita española dos anos trinta, *Acción Española* viuse obrigada a dar cabida a todos os discursos no seu proxecto editorial e propagandístico. Citando as palabras do marqués de Quintanar, director da revista nos primeiros anos, *Acción Española* era o «joven crisol de *Acción Española*, [no que] van

13 Esta viraxe foi común a outros persoeiros de anteriores simpatías galeguistas que se integraron en FE-JONS antes da sublevación militar. Véxase, por exemplo, en PRADA RODRÍGUEZ, J. (2005): 180-181.

14 GUTIÉRREZ PALACIO, J. (2002).

15 CARBAJOSA, M., e CARBAJOSA, P. (2003): 26.

16 MAINER, J. C. (2013): 82-83.

a fundirse metais diversos, para dar lugar a una nueva ideología, a una doctrina nueva, que no será, en resumidas cuentas, más que el retorno a nuestra tradición, vista con ojos muy actuales, muy despiertos a la lejanía y al porvenir»¹⁷. Dese crisol participaban os debedores de Menéndez Pelayo, Vázquez de Mella, González Arintero, Balmes, Cánovas, Donoso Cortés, Aparisi y Guijarro, Enrique Gil-Robles, León XIII ou Maurras. No fondo de toda esta mestura de ideas vidas cada unha da súa parte da dereita española, están o integrista, o tradicionalismo carlista, o conservadorismo tradicional, o interese nacente no modelo corporativista italiano, ou os ideais contrarrevolucionarios.

Menéndez Pelayo converteuse no máximo representante intelectual para a dereita e o catolicismo polo papel central que lle daba a este último nas súas análises históricas. Porque o catolicismo para Menéndez Pelayo era o principal configurador do *volkegeist* español. Este configurouse ao longo da historia a través da loita entre o ortodoxo (o católico, o propio do ser español) e o heterodoxo (o vido de fóra, o que chega para ser imposto). Os ciclos de paz católica e loitas contra o foráneo determinan que os momentos de maior esplendor para España foron aqueles nos que o propio foi o dominante. É dicir, o período dos Austrias foi un momento de esplendor para España, mentres que o das Cortes de Cádiz foi o momento de decadencia polo que de influencia externa supuxo. Polo tanto, no caso da España dos anos trinta no que o factor anticlerical foi patente en todos os niveis da vida, o único remedio para solucionar a crise do país era volver ás vellas tradicións do catolicismo.

A cuestión foi a construción dunha nación española baseada nos preceptos do catolicismo e do mantemento da estabilidade social previa ao movemento obreiro. O maurismo foi o segundo pilar sobre o que pivotou a edificación do proxecto de Acción Española. A súa idea de levar a cabo una revolución «dende arriba» viña determinada pola vontade das elites económicas tradicionais de realizar un proxecto de modernización industrial para o estado español controlado por elas. Polo tanto, a modernización industrial necesitaba o control dun potente aparello burocrático que permitira unha importante presenza do estado no impulso económico. Ademais disto foi fundamental para os mauristas a loita contra o caciquismo polo que supuña de freo ao seu pretendido proceso de cambio industrial. O maurismo contaba cun modelo de nación para España; un modelo baseado nos principios de Menéndez Pelayo. A nación española non era unha construción xurdida da nada: España era un proxecto fundado a perpetuidade. A esencia desa perpetuidade estaba no pasado: na tradición católica e na monarquía. Faltando un destes dous elementos, a nación española non podía ser como tal. Polo tanto, todas aquelas

17 GONZÁLEZ CUEVAS, P.C. (1998):147.

tradicions que participaban de elementos foráneos como foron o costismo, o krausismo ou o noventayochismo, foron rexeitados de maneira absoluta ao ser considerados desarraigados, cosmopolitas e antinacionais¹⁸. No pasado estaba a esencia de España e a consecuencia disto había que recorrer a el de maneira frecuente.

O pasado converteuse no punto de encontro de todo o discurso de Acción Española. Hai pois unha apropiación dos tempos pretéritos. Houbo unha necesidade de buscar momentos clave da historia de España para descifrar neles o punto de arranque da súa traxectoria vital. Cando se comprendía o pasado podía determinarse o sentido da historia: «la historia era, de ese modo, algo en permanente trance de restauración, de continuidad heroica y de inminencia de victoria»¹⁹. No caso de Acción Española e do fascismo posterior, os seus mitos baseábanse nos previos xa existentes mesturados cun novo discurso político. A creación dos mitos era unha técnica «destructivo-constructivista»²⁰: necesitou da destrución dos mitos clásicos para a construción duns novos que foron a nova base para a ideoloxía do movemento político que estaba a nacer:

Ser actual no era una especie de *carpe diem* sacrificando a la intensidad de un romanticismo que sumergiera la experiencia individual en un instante eterno, no era salir de la historia, sino tener la disposición de controlarla, preparar a unos cuantos españoles para asumir los retos que los próximos años iban no sólo a plantear, sino también a hacer posible como solución²¹.

Os mitos que se tomaron con maior frecuencia entre os escritores dese momento foron o heroe e a Gran Nai. O heroe: sempre viril, arrogante, que vive contra o establecido, incomprendido, desnortado... Toma como referentes os modelos da mitoloxía grega ou, incluso, personaxes bíblicos. A Gran Nai sería España, que vive parella ao heroe nunha especie de unión que simboliza o matrimonio ou, se o escritor se ve incapaz de levar a tal extremo a comparación, a eucaristía.

A relixión tivo un peso fundamental na construción do imaxinario colectivo da dereita reaccionaria. Non só foi destacada a exaltación de valores propios do culto católico e da Igrexa; fórono tamén personaxes míticos, tales coma os santos ou os beatos, que adquiriron o seu lugar dentro do discurso do futuro falanxismo. Así temos o exemplo de santa Tereixa de Xesús e da raíña Sabela a Católica²². Estas non só expresaban na súa persoa as máximas cotas da ascese espiritual; significaban tamén a manifestación dunha Castela mítica, mística e guerreira. O sector máis reaccionario do catolicismo, e a súa visión gloriosa do pasado imperial español

18 GONZÁLEZ CUEVAS, P.C. (1998): 59.

19 MAINER, J.C. (2013):509.

20 ALBERT, M. (1998):177.

21 GALLEGU, F. (2014): 71.

22 DI FEBO, G. (2002): 88-87.

manifestado na conservación das tradicións e do folclore rural, atopou no exemplo de Acción Española un modelo no que acomodarse²³.

Paralelamente ao nacemento e desenvolvemento de Acción Española, as letras castelás están a coñecer o despunte de Ortega y Gasset, Marañón, Madariaga, Sánchez Albornoz, Azaña, D´Ors... A Xeración do 14 tomaba o relevo da Xeración do 98 na súa preocupación por España, ou mellor dito, polo «que é España.» Se os do 98 miraban cara Europa dende España, os do 14 miraban España dende Europa. Cunha imaxe do continente idealizada a raíz das viaxes, das lecturas en idiomas orixinais, ou estancias de estudos, consideraron a aquela coma o exemplo de como se deben levar a cabo proxectos de instrución pública e investigación científica, de industrialización, de modernización dos medios de transporte en beneficio do desenvolvemento económico, etc²⁴. O 98 marcara a esta xeración (e á posterior xeración de escritores e ideólogos falanxistas) non sendo un movemento novo nunha sociedade española que vía cada día como se producía a descomposición do cadáver que era xa España como estado. Para os do 98 o que explicaba a decadencia de España, así como das outras nacións do Mediterráneo, era a súa cultura latinizada centrada en políticas caducas e, sobre todo, extremadamente católica. Esta situación situaba a estas nacións en desvantaxe respecto aos países anglófonos ou xermánicos, por exemplo, que sendo debedores da cultura latina souberon adaptarse²⁵.

Sobre Montes callaron todas estas ideas e conceptos. Grazas a súa relación co grupo entrou en ABC desenvolvendo, entre outros destinos, o papel de correspondente en Berlín no momento da subida ao poder de Hitler²⁶. Este nexo provocou que a súa relación coa futura Falanxe fora sempre un pouco equívoca, provocando que nunca se identificara plenamente co grupo de José Antonio aínda que participara en momentos destacados do mesmo. Dionisio Ridruejo, nos momentos nos que fai referencia a Montes nas súas memorias, descríbeo dicindo que «Montes representó, en el equipo de los escritores que sirvieron a la causa falangista y acaudalaron su retórica, uno de los ejemplares más fríos, independientes, refinados y desprovistos de mesianismo»²⁷. É dicir, Montes sempre pertenceu a Acción Española pero permitiúselles formar parte do grupo de Falanxe. E esta pertenza foi a que lle serviu, xa coa ditadura franquista botada a andar, para manter os seus privilexios de escritor fundador e conservar os eloxios e a súa posición de xornalista, articulista e orador.

23 MAINER, J.C. (2013): 97.

24 GRACIA, J. e RÓDENAS, D. (2008): 19-20.

25 CALVO CARILLA, J.L. (1998): 28-88.

26 GONZÁLEZ CUEVAS, P.C. (1998): 192-193.

27 RIDRUEJO, D. (1976): *Casi unas memorias*, Barcelona, Planeta: 158-162, cit. en: CARBAJOSA, M., e CARBAJOSA, P. (2003): 88.

Outro daqueles falanxistas de primeira hora, como foi Pedro Laín Entralgo, deixou escrito nas súas memorias o que opinaba de Eugenio Montes:

Eugenio Montes que paseaba por la «zona nacional» suave, culto, condescendiente, la condición de «alfil de un ajedrez de oro» con que la heráldica orsiana e había distinguido [...] Con verdadera emoción fue abrazando a todos y por todos fue abrazado [...]. Especialmente largo y estrecho fue su abrazo [de Rafael Sánchez Mazas] con Eugenio Montes. Durante él, quien le recibía le deslizó al oído unas suaves y casi susurradas palabras. Yo estaba cerca y pude oír éstas: Rafael, ten cuidado con...²⁸

Palabras cargadas de ironía e, en certo modo de desprezo e rexeitamento dunha parte nuclear do falanxismo cara a figura de Montes. Un Montes sempre preocupado polo aspecto, pola estética, e afastado de calquera compromiso que puidera poñer a súa posición en perigo.

Curiosamente, Eugenio Montes nunca realizou unha obra literaria completa que non fora máis aló da recompilación de textos xornalísticos xa publicados. Este fenómeno foi aproveitado por moitos para referirse con ironía ao seu traballo como escritor, que foi valorado de maneira escasa polos seus coetáneos²⁹. A produción literaria de Montes recóllese na súa parte fundamental en catro títulos: *El viajero y su sombra*, *Melodía italiana*, *Elegías europeas* e *La estrella y su estela*. A primeira delas estaba preparada para saír ao mercado antes da guerra en dúas versións: «una por suscripción, y otra “vulgata”, más asequible». O problema foi que «no sé qué comité revolucionario guillotiné uno por uno todos los ejemplares en prensa, destruyendo las pruebas y el original»³⁰. Esta dispersión de artigos entre os seus libros provoca que en ocasións sexa complicado cadrar as pezas do seu discurso.

3. Eugenio Montes: o discurso culturalista da dereita reaccionaria española

Da obra de Eugenio Montes despréndese que é capaz de crear un corpus de pensamento cohesionado. Montes, influenciado polo círculo da dereita reaccionaria española, elaborou un corpo de ideas cultural-ideolóxico que conformou un pensamento estruturado ao redor de conceptos clave que supuxeron a síntese do que foi a ideoloxía fascista en España a finais dos anos 30, e da corrente falanxista dentro do nacional-catolicismo durante a ditadura franquista. A Montes cómpre

28 LAÍN ENTRALGO, P. (1976): 220 e 254.

29 Véxase o caso de Salvador Lisarrague que recibía con gusto irónico a publicación das obras completas de Montes nun único tomo de 7657 páxinas en papel biblia. Cit. en: CARBAJOSA, M., e CARBAJOSA, P. (2003): 224.

30 No prólogo que o propio autor fai para MONTES, E. (1940).

miralo, como xa deixamos dito en liñas anteriores, dende un punto de vista cultural, afastado de calquera interese político real. O único que lle importaba era a súa realización persoal e a conservación do seu prestixio social.

Eugenio Montes residía en Madrid de maneira intermitente. Non se pode negar que a experiencia de chegar a capital lle supuxo un cambio notabilísimo na súa percepción da realidade, como se pode imaxinar lle ocurría a calquera mozo de provincias que chegaba a ela. Unha cidade que o galego describía, nos últimos anos da República, como «campo de fealdad, collado marxista» e que máis que ser unha cidade, ao camiñar pola «Gran Vía arriba, con esa noble mudez de las horas fúnebres, por un Madrid que casi parece un cementerio»³¹. Porque o Madrid republicano non era máis que un lugar «pringoso, enlodado y sucio que vió un primero de mayo triste. Corte sin elegancia de menestrales, corte ya sin cortesía, gangrenada por la lucha de clases y el materialismo marxista. Por el materialismo, que es resentimiento, escrófula, pus, dolencia fea»³².

«Escrófula, pus, dolencia, fea» son os substantivos e cualificativos que Montes emprega para referirse a un dos puntos nos que pivota toda a súa liña argumental: a República. É esta forma de goberno en España a que acabou por eliminar o que para *Acción Española*, e por extensión para Montes, eran as esencias do ser da españolidade: o catolicismo e a monarquía. «España deja de ser católica y monárquica», dice el presidente del Gobierno de la República [Manuel Azaña]. La frase es justa, aunque quizás un poco larga. Con haber dicho: “España dejó de ser”, hubiera bastado»³³. Calquera suceso ocorrido no pasado contra os intereses de España servían como paradigma para explicar o que era o réxime republicano para os españois. Montes vaise até o século XVII para documentar un deses primeiros momentos de debilidade española que preludiaron o que o futuro lle depararía ao solar ibérico.

Catolicismo e monarquía son dous conceptos, entendidos como esencia de Castela e configuradores de España, que manteñen unha relación recíproca entre eles; de tal xeito que para Montes monarquía implica sempre, e de tódolos xeitos posibles, o concepto de catolicismo. Unha monarquía florecente e perfecta que se asocia ao concepto de século de ouro. Este concepto, xa de por si extenso e referido ao Renacemento e o Barroco españois, vai ligado á monarquía protectora que favoreceu o seu desenvolvemento: os Austrias. Fai Montes aquí unha lazada que une un momento de esplendor da cultura española cun dos piares configuradores do que consideraba que era a esencia de España.

31 MONTES, E. (1940):146-147.

32 MONTES, E. (1940):151.

33 MONTES, E. (1953): 253.

A paz de Westfalia, ou como Montes titula no capítulo designado a este suceso: «Münster de Westfalia, tumba española», foi o momento de inflexión no que penetraron as ideas protoliberais en España:

Entraron por ahí los cinco Grecos. Las caras verdiamarillas, alimonadas. El traje negro, como en el entierro del Conde de Orgaz. Cinco largas sombras, cinco llamas de luto por aquel resplandor que se apagaba, sol español que salía para todos y ahora iba a quedar entre nubes, en eclipse. La unidad cristiana rota por los siglos de los siglos. La monarquía solar, agusanada en «república de envidias». Primer pacto de San Sebastián, el demonio del separatismo en medio. Primer catorce de abril, ese veinticuatro de octubre en que, tras la rota de Rocroy y la intriga de Francia, celosa de nuestra gloria, cómplice protestante, del turco y del bolchevique, cinco hidalgos españoles tuvieron que firmar, con sangre, la primera autonomía³⁴.

Nin máis nin menos. A lectura dos feitos históricos permitiulle a Montes establecer liñas de continuidade entre sucesos ben distantes entre si. O liberalismo sería para Montes o mal de toda Europa, e sobre todo de España porque con el vén a democracia e a República.

Democracia é sinónimo en Montes de decadencia. E que mellor exemplo de decadencia de un territorio por causa da democracia que a propia Grecia. O berce de Europa comeza o seu declive coa aplicación dun modelo democrático:

La democracia y la terrible manía de las responsabilidades y procesos por un motivo o por otro, por éste o por aquel pretexto. Atenas recompensaba todas las vocaciones políticas, temprano o tarde, a la corta o a la larga, condenando a sus mejores hombres a la cicuta, al destierro o al desánimo. La consecuencia fue que acabó por no producir grandes hombres, [...] pues los que, por dotes naturales, pudieran ser eminentes, tenían que aplicarse a disminuir su grandeza, a rebajar la excelsitud, antes de que se la rebajasen dolorosamente, los otros³⁵.

Xa sabemos o que Montes opinaba da paz de Westfalia; e unha das cousas que indicaba era o tema da autonomía. República e autonomía é un tándem destrutor para o escritor: «Queremos, pues, libertad, autonomía, estatuto. No nos importa la salvación universal. ¡Sálvese el que pueda!»³⁶. E se existía un verdadeiro demo que poñía en perigo a unidade de España, ese era Cataluña.

La Revolución Francesa. Las ideas de la Revolución desgarran en 1918 el Imperio austriaco. Desgarran en 1931 lo único que nos queda de la gran-

34 MONTES, E. (1940): 43.

35 MONTES, E. (1949):17

36 MONTES, E. (1940): 44-45.

deza imperial: la monarquía, la unidad de la patria. Que las «naciones» del Imperio austriaco se «autodeterminen»: Hungría, Serbia, Bohemia. Que se «autodeterminen» las «naciones ibéricas»: Cataluña, Vasconia. Pacto de San Germán. Pacto de San Sebastián. El santo de espaldas. *Tú, infeliz Austria. Tú, infeliz, Hispania*³⁷.

A República sería pois un «ciclón que lo arrasa todo en unos días»; un ser case monstruoso que se sirve de «labor de zapa de siglos enteros de corriente erasmista, enciclopedistas, krausista, la pólvora sorda de Giner y los suyos, [que] tenían minados ya los cimientos más firmes». A destrución definitiva chega co derrocamento da «Institución que nos había amparado a todos en horas de desgracia». A monarquía era aquilo que mantiña o «vínculo de la comunidad española, aquello que nos ligaba a unos con otros y al conjunto nacional de este tiempo con el ser perdurable de los antepasados». Unha figura paternalista que servía de nexo entre a tradición e a modernidade; unha «autoridad que lo es por la gracia de Dios, porque sus mayores han hecho a España, porque España es el país del cual ellos –los Reyes– son autores». E o que sucede cando esta figura desaparece é que «el lazo entrañable y espiritual desaparece»³⁸.

O paso do tempo trouxo parello o nacemento de novos ideais e maneiras de pensar. A españolísima monarquía dos Austrias viuse substituída pola foránea dos Borbón; e, por se iso non fora pouco, de Francia chegaron tamén as novas correntes de pensamento do século XVIII: a Ilustración e a Revolución Francesa. O XVIII non deixa de ser a base do liberalismo; o século que cuestiona o corpus do pensamento católico que tiña as súas orixes na Idade Media; o século que pon en perigo a orde social establecida ao longo dos séculos anteriores; o século que trae, en definitiva, o caos a Europa. O liberalismo convértese no mal de toda Europa, e sobre todo de España. O liberalismo vén de fóra, polo que se converte en algo sumamente negativo. E o que resulta peor de todo: o liberalismo trae a democracia. E unha vez que chega a democracia, esta trae consigo os xa coñecidos males da república.

É dicir, o século XVIII coas ideas da Revolución Francesa foi a base da teoría que sustentou á República e, polo tanto, o século que deu lugar aos males que afectarán a España e a Europa. O fenómeno cultural do romanticismo, dende Francia, trouxo consigo «Unos movimientos que habían comenzado con inocentes estrofas en juegos florales de un tardío y rezagado romanticismo, [que] concluyeron por decididos propósitos de separarse de España, pensando en la vanidad de minúsculas nacioncillas, condenadas a ser pronto feudos del extranjero, concretamente de Francia». O feito diferencial dunha lingua e cultura propias nun territorio dentro

37 MONTES, E. (1940): 258. O subliñado no orixinal.

38 MONTES, E. (1953): 252-253.

de España xustificaba, di con ironía Eugenio Montes, que «Cataluña tenía que separarse, porque no hablaba castellano, sino catalán». Mais o que sucedía era que os cataláns non se decataban de que Cataluña era parte de España e o seu [*sic*] «lo fet diferencial» non era tal :

¡Como si Cataluña no fuese también, en sus letras, en sus gestas, en su vida, una comarca de habla castellana, y el país vasco no fuese lingüísticamente sobre todo castellano, y éuscaro tan sólo en los valles idílicos y en las aldeas de la montaña! ¡Y como si una nación fuese eso, idilio, romería, sardana, chistu, y no, como es, tener que vivir en el mundo, en el universo mundo, y, por tanto, con un Estado que para poder estar en el mundo universal necesita unidad, independencia y grandeza, a menos de ser víctima de las codicias extrañas!³⁹

Despois da guerra, Cataluña expiou todos os seus pecados, pois deuse conta de que «las doctrinas predicadas durante más de cincuenta años» non foran máis que cantos de serea que enganaron a boa parte da sociedade. O feito diferencial catalán non era máis que unha mala interpretación do que verdadeiramente era España; o feito diferencial «partía del supuesto de que el resto de España era medular, temperamental y absurdo, mientras que allí se había refugiado el buen sentido». Esa sensación, errada, de diferencia con respecto ao resto da Península deu lugar ao nacemento da posibilidade dun destino diferente e á crenza de que «Castilla estaba muerta y ya no podía hacer nada»⁴⁰. E todo isto culminou na consecución da autonomía: unha das causas da ferida de morte que estaba a desangrar España.

Se o feito da unidade é esencial, a cuestión do Imperio non deixa de ser menos en toda a construción argumental de Montes. Efectivamente, é un termo en estreita relación co de unidade, e véñse preludiando dende o inicio da nosa exposición. O feito de facer fincapé en conceptos como monarquía, relixión, unidade, non fan máis que arrastrarnos coma a corrente dun río cara a desembocadura (aínda que sen chegar a ela polo momento), a través da idea de Imperio. Mais este concepto non debe ser entendido coma o afán de estender territorialmente España máis aló das fronteiras marcadas polos Pirineos, ou polo Douro, o Texo ou o Guadiana; senón coma un desexo de conservar unha realidade territorial con proxección cultural cara o exterior, lembrando con nostalgia o papel preponderante de Castela na realidade universal de séculos anteriores.

O modelo de Imperio é o do século XVI, o de Carlos V: «hizo el Imperio jurando aquí en España los derechos existentes, o sea los derechos históricos con que se encontraba, las costumbres, las realidades y los derechos, así cualquier institución

39 MONTES, E. (1953):229.

40 MONTES, E. (1953): 281.

que pudiera venir a España en un futuro tiene que partir de este hecho: que España está constituida»⁴¹. Pero o concepto debe adaptarse ao contexto da Europa de finais dos anos 30, e non debe asimilarse a unha idea de conquista. Nun mundo que asistía á desaparición dos fenómenos individuais, «a la agonía de la nación comarcal»; nun mundo no que as rexións pequenas xa non teñen sentido pois aquel agora xa é máis pequeno, «sólo se sostienen las grandes comunidades: es decir, los Imperios»⁴². O Imperio é pois unha idea cultural, de defensa da esencia española de Castela contra o marxismo galopante por Europa:

Lo que España defendía entonces era esto: la unidad metafísica del mundo. Ante la intemperie y la aflicción no hay más que un cobijo: la Iglesia. Con terquedad ibérica, con terquedad de roca sostuvimos que el vínculo de unión entre los hombres tenía que ser de carácter espiritual, porque lo propio de la materia de desunir es separar lo que el amor liga y reúne. Esa unidad metafísica del mundo cristiano implicaba una unidad política. «Una ley, una espada, un imperio». La misión cesárea consiste en asegurar los beneficios de la civilización y en extenderlos amorosamente a los países coloniales, donde España amamanta con leche de loba clásica una humanidad adolescente o decadente⁴³.

A espiritualidade do Imperio español: «la tesis espiritualista del Imperio español», os valores que este representa, levántanse en contra do materialismo marxista «por cuanto supone una interpretación desalmada de la Historia y una visión del mundo como rencor, lucha, insolidaridad y anarquía».

Na nosa opinión, todas estas afirmacións non representan máis que a consolidación da idea de tradición que marcou toda a obra de Montes dende a súa incorporación ao movemento de *Acción Española*. Esta tradición vese exemplificada en dous supostos xeográficos máis ou menos difusos: un, xa o coñecemos, Castela; os outros van moito máis aló no tempo, Roma e Grecia.

Nun texto titulado «Actualidad y ejemplaridad de las guerras Púnicas»⁴⁴, Montes fai unha das súas clásicas comparacións entre o momento do seu presente e o pasado que a el lle convén lembrar. A conquista de Cartago polos romanos supuxo a expansión da cultura europea polo Mediterráneo. A Europa romana cede e sae do seu núcleo orixinario para dar lugar a unha «civilización noble». A cuestión fundamental foi que o Imperio conseguiu terras para labrar e manter a poboación das cidades, de maneira que puido dedicar unha boa parte dos seus esforzos a «in-

41 MONTES, E. (1953):126.

42 MONTES, E. (1940): 18.

43 MONTES, E. (1940): 44.

44 MONTES, E. (1949): 26-28.

vertir» na súa cultura e fomentala por tódolos recunchos de Europa que aínda lle quedaban por descubrir.

Por extensión a isto, España –Hispania– sería o elemento continuador da tradición cultural romana. Non só continuadora: tamén salvadora da latinidade. Nun texto clave para entender o pensamento de Montes como é «España debe salvar la latinidad»⁴⁵, Montes recollía o papel de España –de Castela– na loita por salvar a esencia europea que era a compoñente romana que daba sentido a existencia dos pobos do sur de Europa. No contexto da Segunda Guerra mundial, enfrontamento que causara xa moitas vítimas, «según nuestra cristiana concepción de lo humano, toda persona es, en sí, insustituible». Dende a súa posición antimaterialista –«como doctrina que supone al espíritu cosa desindividualizada y colectiva»– na que a masa non pode ser valorada como todo con entidade substitutiva do individuo, Montes rexeita considerar ao home «tan sólo en tanto productor de mercancías o mercancía él mismo». A concepción do home como *homo faber* non permite entender a este «como ser espiritual». A orixe desta concepción do ser humano remontaríase, nada máis e nada menos que a «un oriental –Averroes– [que] la inventó en Córdoba», e dende aquela os devanceiros da Hispania imperial, que deu lugar á Castela mítica, «contra ella lucharon [...] en la Reconquista, aquella pugna ocho veces centenaria en que España se sacrificó para salvar Europa».

Porque salvar Europa do dominio do materialismo supoñía a posta en xogo de elementos fundamentais que englobaban a tradición romana coa tradición castelá. A latinidade, segundo a define Montes, sería a conxugación do «espíritu latino» e da «orden del mundo y la persistencia de la cultura occidental». Cultura, esta última, que se constituía pola mestura de tres elementos: «el cristianismo, el sentido clásico, el sentido técnico». Son estes tres elementos os que configuran a *romanidade* da esencia española, «criatura clásica» que bebe dos personaxes do Renacemento italiano, fillos por extensión do clasicismo romano, Vitrubio, Urbino, Vico, Della Francesca... Mais, por outro lado, a compoñente clásica hispánica funde as súas raíces no seu iberismo, «telúrico, no clásico», de campo e de labregos, de relixiosidade e espiritualidade, en definitiva, a compoñente «no urbana» que conformaba a Castela.

Si lo latino nos hizo ser bellos creadores de cultura, la piedra berroqueña de lo ibérico hace que a nuestra naturaleza no la pulverice nada ni nadie.

Protagonista de la más magna historia en ciertos siglos, hemos vivido en otros encastillados en una arisca soledad que ha dejado nuestras fuerzas intactas; nuestro temple endurecido. Así, en esta ocasión España es dueña de

45 MONTES, E. (1944): «España debe salvar la latinidad», en *Revista de Estudios Políticos*, 13-14: 131-134

una severa enerxía incólume que puede y debe emplear en la salvación de sus hermandades heridas.

Esa esencia da exclusividade española, da independencia do castelán fronte a invasións que asolagaron Europa ao longo da súa longa historia, é a que converte a España no faro que alumea a latinidade dos pobos e fai que sexa «cabeza de todos los pueblos de nuestra estirpe allende los mares». Porque non hai que esquecer que España non é só a iluminadora de Europa; tamén o é dos «pueblos hispanos, tan sensibles al linaje de Lucio que gustan de ser llamados “pueblos de la América latina”» aos cales Castela levou a civilización e, con ela, a cultura e o idioma castelán, facendo destes debedores da esencia castelá.

España, pois, proxéctase e defínese cara o exterior no seu papel de defensora duns ideais, duns valores e dunha cultura que vén da Roma imperial. Este modelo expansionista cultural convértese nos anos corenta nunha «política [de la] paz ancha y concreta, realista y generosa». Un modelo que nada tiña que envexar ao levado a cabo por Fernando o Católico no momento da conquista; ao de Garcilaso de Vega na súa relación co Renacemento italiano, o cal supuxo chegar ao máximo nivel de calidade na súa produción literaria e introducir en Castela os elementos deste movemento cultural; ou ao de Miguel de Cervantes por cuestións manifestas.

Non podemos deixar de lado o tratamento que Montes fai do veciño Portugal. Na súa «Interpretación de Portugal»⁴⁶ analizou as que el consideraba como as tres etapas políticas fundamentais do país veciño: a dinastía dos Avís, o goberno do marqués de Pombal, e o goberno de Oliveira Salazar.

Para o primeiro goberno, Montes quedouse cunha referencia clave: «hay países, como Portugal, que han nacido para ir por esos mundos de Dios»⁴⁷. É tal a importancia que Montes lle da a esta etapa que, das nove páxinas que ten de extensión o artigo, dedícalle seis planas fronte as catro que comparten as outras dúas. E non pode ser para menos, pois a dinastía dos Avís non deixa de ser o momento de máximo esplendor para o país luso. Mentres os demais países europeos miraban cara dentro, Portugal comezaba a poñer os ollos no basto océano que tiña diante. A vontade dos portugueses, navegantes, na conquista de terras afastadas do seu fogar rematou por construír un «inmenso imperio oceánico [desproporcionado] a la modestia cuantitativa de la etnia lusitana». Ese Portugal metropolitano de pequenas dimensións e cunha reducida capacidade demográfica tivo que adaptarse a unha conquista heroica reducida ao litoral de África e do Oriente coñecido. Unha fazaña cantada polo insigne poeta Camões case ao mesmo tempo que estaba a

46 MONTES, E. (1944): «Interpretación de Portugal», en *Revista de Estudios Políticos*, 15-16: 505-514. Tamén en MONTES, E. (1949): 144-161.

47 MONTES, E. (1940): 13.

suceder. A proeza das conquistas dos recunchos máis afastados do mundo coñecido tivo como obxectivo o desenvolvemento do lema das expedicións: «fazei muita cristiandade».

Mais esa cristiandade remataría co marqués de Pombal cuxas

creencias de Pombal eran contrarias a las de la dinastía de Aviz. Al «¡Haced mucha cristiandad!» opone la expulsión de los jesuitas y un anticlericalismo enciclopedista duro y sectario, así como cierta apatía ante la colonización tras los mares para entregarse a la administración e ilustración metropolitana.

Pero se Pombal representaba a sempre rexeitada Ilustración –o enciclopedismo– podía ser salvado da queima pola similitude da súa maneira de exercer o goberno coa da dinastía dos Avís: «el sentido racional, positivo, concreto, el aplomo, el compás, el cálculo, el rigor de tiralíneas y números, de ordenanza y administración, son semejantes. En ese sentido positivo y administrativo veo todo el arte del gobierno portugués en sus mejores momentos».

O período pombaliano foi o preludio dos outros dous monstros xa coñecidos de Montes: os efectos da Revolución Francesa e o Romanticismo. Aquí comeza o escritor o paralelismo entre a historia de Portugal e España: «Luchas constitucionales, guerrillas, pronunciamientos, y entre tanto se deja pasar la época técnica, se trabaja poco y mal, no se crean industrias al ritmo europeo, se sufre perezosamente la pobreza con todas sus consecuencias culturales». Unha época na que Portugal vive a perda das súas colonias, especialmente a brasileira, e volve a súa mirada cara as que retén en África dando inicio ao que será o imperio colonial portugués que sobrevivirá máis aló da Segunda Guerra Mundial. Dúas colonias, estamos a referirnos a Mozambique e Angola, nas que «gentes coloniales doman selvas, cultivan tierras vírgenes, montan la guardia de la civilización y la lusitanidad en lo remoto»; na metrópole dominan «el sentimentalismo, la pasión sin objeto ni sentido [proclamando] la República, entregándose a la voluptuosidad de la anarquía».

Foron os homes das colonias, «hombres de frontera, hartos de que su esfuerzo imperial no sea ni iniciado ni secundado por la política de la metrópoli», os que tomaron o control do Estado «como los hombres de la frontera españoles en Marruecos se levantan el 18 de julio». Esa exaltación do militar e o establecemento do paralelismo co caso español, fai que o 28 de maio (de 1926, cousa que non di Montes) se converta no punto de arranque do proceso da «Revolución nacional portuguesa», que tivo o punto de inflexión na chegada ao poder de Oliveira Salazar. O economista convertido a ditador é o exemplo de xestión eficiente para Montes. Coa máxima de «poner en orden la “pequeña casa lusitana”», Salazar comezou un proceso de cambio na administración portuguesa aos poucos. Citando a Kierkegaard: «el que se entusiasma sincontinuidad es un *dilettanti*; el que continúa sin

entusiasmo, un filisteo; el que continúa entusiasmado es un trabajador»⁴⁸. Salazar pertencería a unha liñaxe de homes traballadores que levan a cabo a súa misión sen manifestar o seu entusiasmo, «menos externo, pero no menos real».

Para Portugal, a guerra civil española supuxo que «una desventura de nuestro país lo sería para toda la península»; porque para Montes, a emerxencia paralela dos dous estados no pasado non facía máis que demostrar que a decadencia aparecería para dos dous ao mesmo tempo. «En todos los momentos profundos de la Historia se descubre la solidaridad peninsular. Lucha contra el Islam, expansión oceánica, guerras napoleónicas. El trance en que se haya hoy el mundo postula esa intimidad apretada y fraterna». Pero aínda que esas similitudes na evolución histórica existan, Montes resume en que non existiu «unidad de destino entre las dos naciones ibéricas». O feito de que Portugal non circunscriba o seu territorio ao estado peninsular fai que existan diferencias territoriais e de intereses internacionais entre as dúas nacións. De aí que a continua relación entre portugueses e ingleses se manteña aínda coa presenza dunha ditadura. A presenza de territorios alén do mar implica que Portugal manteña unha alianza marítima cos ingleses, xa que a frota portuguesa non é o suficientemente potente como para manter o seu dominio sobre os territorios africanos. En resumo, aínda non existindo esa unidade de destino, o que hai entre lusos e españois é unha «solidaridad familiar» que «cuanto más entrañable, más fecunda será».

Eugenio Montes foi un home preocupado polo pasado, concretamente nos momentos culturais renacentista e barroco. Son os dous fitos históricos que articulan o seu pensamento político e o unen con Italia. A este país dedicoulle Montes o que é tal vez o seu libro menos político, a *Melodía italiana*. O conxunto de textos compilados e publicados no ano 1944 foran redactados por Montes «en horas de dicha para Italia»⁴⁹, é dicir no momento do máximo apoxeo do fascismo no país. O feito de que sexa o seu libro menos político estriba en que se publica en plena Segunda Guerra Mundial, e Montes, pola súa «condición de no beligerante debo evitar aquí todo comentario político». Mais isto non lle impide manifestar o seu «derecho a expresar en estos días dolorosos la misma simpatía a Italia que en días de paz y ventura». España e Italia tiñan as súas diferenzas e oposicións, pero ao longo da historia tíñase forxado unha «comunidad de historia [que] es tan profunda que las semejanzas hondas dan de sí como un acorde que puede resolverse en celeste armonía». É máis, o Renacemento e o Barroco españois «no hubiera[n] existido sin la inspiración italiana». Unha vez o libro comeza, é todo un percorrido

48 Subliñado no orixinal.

49 MONTES, E. (1944): no prólogo que el mesmo redacta para o libro.

por lugares de Italia e de personaxes que deambulan por toda a obra de Montes: Urbino, Vico, Della Francesca...

Se Italia é Renacemento e Barroco, Alemaña é Romanticismo. Alemaña representa a oposición ao Século das Luces e, nun aspecto fundamental ten similitudes con España. Montes pregúntase por que non se produce o despegue de Alemaña como nación despois da Reforma, cando a Inglaterra de Cromwell, por exemplo, si o fai irradiando a súa influencia. Eugenio Montes contéstase a si mesmo xustificando este atraso na posición dos pobos alemáns no «medio, un pueblo entre una periferia de Estados fuertes. Quizás un campo de batallas»⁵⁰. Porque Alemaña sempre se verá oposta ao exterior, e isto é o que a fai similar a España: «la incesante creación de la energía germánica iba a tropezar siempre con esto; con lo ajeno, con el exterior»⁵¹. Para finalizar, coma para poñer sobre a mesa e deixar clara esa actitude diferencial de Alemaña respecto do resto de pobos de Europa, Montes fai unha aclaración contundente que reproducimos por extenso. Vendo que Berlín era unha cidade onde o estilo proletario e o estilo burgués se solapaban, facendo difícil establecer cal era un barrio obreiro e cal non, Montes dixo:

Es rigurosamente cierto, puede y debe decirse ahora en que ya ha pasado, que si el socialismo se logró en algún país, fue en la Alemania de mil novecientos-treinta y tantos. Ni en Rusia, donde es socialismo de Estado, con miseria de la sociedad; ni en los Estados Unidos, donde la sociedad lo era hasta ahora casi todo y el Estado casi nada, sino ahí, en Berlín, se logró ese estilo. Lo digo honradamente, sin demasiadas ganas, porque yo no soy socialista y me pregunto ahora, como ya me preguntaba entonces, si el logro de una vida así, de una distribución de bienes para todos, no es a costa de los más altos y raros valores que pueda alcanzar la persona agregia⁵².

Isto deixouno para a posteridade Montes en maio de 1945, xa case coa Guerra Mundial rematada e coa intelectualidade española máis preocupada polos asuntos internos que por mostrar os vellos e xa case esquecidos degoxos polo réxime nazi. E en 1949, cando o nazismo era xa un recordo do pasado, sae este texto publicado nunha antoloxía do autor. Este feito é o que leva a que digamos, coincidindo completamente con Mónica e Pablo Carbajosa, que de Eugenio Montes este é o seu libro máis ideolóxico⁵³. E de aí que poidamos dicir que todo o pensamento de Eugenio Montes se basea nunha postura fundamentalmente culturalista; o que lle permite poder recuperar elementos comprometedores para a política do estado franquista de 1949. Cando por aquelas datas Dionisio Ridruejo estaba preocupa-

50 MONTES, E. (1949):204.

51 MONTES, E. (1949): 205.

52 MONTES, E. (1949):205-206.

53 CARBAJOSA, M. e CARBAJOSA, P. (2003): 230.

do por acercar a Castela e Cataluña, ou por recuperar para o panteón de poetas ilustres a Antonio Machado⁵⁴; Pedro Laín se interesaba por introducir para o discurso franquista á Xeración do 98, ou por poñer negro sobre branco o problema de España; Eugenio Montes abría o tarro das esencias e recuperaba os elementos iniciáticos do franquismo. Montes non podía quedar en mero adulator do ditador Francisco Franco, e por ese motivo, pola súa compoñente culturalista, podía permitirse a licencia de adular, aínda que fora de maneira anacrónica, a aqueles que fundaran o movemento fascista europeo, como esencia primixenia do Estado español franquista.

4. Conclusións

Obtemos como resultado de toda esta lectura os catro puntos clave do pensamento de Eugenio Montes: monarquía, unidade política, relixión e tradición. A monarquía implicaba tamén imperio e unidade. Estes dous elementos nacen da expansión do núcleo vertebrador de España: Castela. España acadou as súas cotas máis elevadas de poder en Europa e no mundo cando soubo construír un imperio baseado na unidade dos seus territorios. Unidade que implicaba a presenza dunha monarquía forte capaz de manter cohesionados os seus territorios; que ao mesmo tempo víase favorecida pola participación duns ideais católicos que daban uniformidade cultural a todos os territorios que conformaban o basto imperio. O imperio é pois un proxecto que non queda na simple conquista dos territorios por parte da coroa. É un mecanismo de expansión da cultura castelá máis aló dos Pirineos e do océano Atlántico; unha maneira de iluminar o mundo a través da cultura católica que implicaba unha literatura, unha filosofía e unha maneira de vida propias.

A república oponse a unidade polo seu empeño en recoñecer as, para Montes, supostas diferenzas entre as rexións de España: Cataluña, Euskadi e Galicia, por un lado, e o resto por outro. Xa vimos en liñas anteriores o que supuña para o noso escritor o feito de recoñecer os posibles feitos diferenciadores dunha rexión como Cataluña: o desmembramento de España e a perda da esencia castelá. Nada hai peor que a república para o noso escritor: esta trae consigo a anarquía, o bolxevismo, o socialismo, a corrupción moral e a relaxación dos hábitos e costumes. Todo isto porque falta o principio reitor político: a monarquía católica que lle da sentido ao proxecto nacional. O proxecto republicano fracasa pola simple razón de que España non estaba preparada para adaptarse a unha innovación político-social vida

54 MUÑOZ SORO, J. (2013).

de fóra. Porque España, como xa se sabe, no momento no que adopta modelos foráneos non pode máis que fracasar, pois perde a súa esencia católica.

A aceptación por parte do goberno da República da existencia do feito diferencial de Cataluña, e posteriormente de Euskadi e Galicia, supuña a confirmación de que a realidade española non nucleaba ao redor dun punto de encontro esencial para pensadores como Eugenio Montes: Castela. Porque Castela era verdadeiramente o berce de España, e un dos puntos de inicio da cultura europea; a nai que criou e viu crecer o Imperio español; o elemento estruturador e configurador das esencias que constrúen o ser hispánico⁵⁵. Seguindo este fío chegamos ao punto argumental que permite unha asociación clave no pensamento de Eugenio Montes: Castela non é máis que a execución efectiva do tándem entre unidade e Imperio.

Todo o pensamento de Eugenio Montes lévanos a unha conclusión final: o escritor nunca estivo preocupado pola política, e iso foi o que lle permitiu ser tan libre no seu discurso. A Montes interesáballe o xermolo, o fundamento, a orixe das ideas nas que el cría e que podía defender a capa e espada por mostrarse afastado do xogo político real. O seu discurso é sólido e ben argumentado, con nexos de unión inequívocos coa ideoloxía de Acción Española; grupo que será un dos principais configuradores do pensamento falanxista posterior do que tamén tomará parte o propio Montes. A cultura como a súa única política é a que permite a Montes manter a coherencia do seu discurso ata que os tempos cambiaron definitivamente. Eugenio Montes foi un home preocupado pola estética máis que por cuestións de carácter político; máis preocupado por conservar a súa posición privilexiada que por implicarse politicamente. Eugenio Montes era un home que facía gala dun «oportunismo [que] consistía máis en estar a bien, en mostrarse solícito y dócil antes que en perseguir alguna clase de ambición política de fuste»⁵⁶.

55 MONTES, E. (1953): «Castilla tiene la misma edad que Europa», 204–211.

56 CARBAJOSA, M., e CARBAJOSA, P. (2003): 232–233.

BIBLIOGRAFÍA

- ALBERT, M. (1998): *Vencer no es convencer: Literatura e ideoloxía del fascismo español*, Frankfurt amb Mein, Vervuert.
- AXEITOS, X. L. (2001): «Eugenio Montes, as sombras do viaxeiro», en *Xornadas sobre Eugenio Montes*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo: 95-119.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2012): «Eugenio Montes (1900-1982). Un intelectual deva-luado» en DE JUANA, J., PRADA, J., e RODRÍGUEZ, D.: *Galegos de Ourense*, v.1, Ourense, Deputación Provincial de Ourense: 477-511
- BERAMENDI, J.G. (1985): «Antonio Losada: Tradición e nacionalismo», en BERAMENDI, J. G. (ed.): *Losada Diéguez. Obra completa*, Vigo, Xerais.
- CALVO CARILLA, J. L. (1998): *La cara oculta del 98: místicos e intelectuales en la España de fin de siglo (1895 – 1902)*, Madrid, Cátedra.
- CAÑO, J. (2001): «Para unha lectura política de Eugenio Montes», en *Xornadas sobre Eugenio Montes*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo: 157-192.
- CARBAJOSA, M., e CARBAJOSA, P. (2003): *La corte literaria de José Antonio*, Barcelona, Crítica.
- DI FEBO, G. (2002): *Ritos de guerra y de victoria en la España franquista*, Bilbao, Desclée de Brouwer.
- GALLEGO, F. (2014): *El evangelio fascista. La formación de la cultura política del franquismo (1930 – 1950)*, Barcelona, Crítica.
- GONZÁLEZ CUEVAS, P. C. (1998): *Acción Española: teología política y nacionalismo autoritario en España*, Madrid, Tecnos.
- GRACIA, J., e RÓDENAS, D. (2008): *El ensayo español: siglo XX*, Barcelona, Crítica.
- GUTIÉRREZ PALACIO, J. (2002): *Antología de la obra de Eugenio Montes*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- LAÍN ENTRALGO, P. (1976): *Descargo de conciencia*, Barral, Barcelona.
- MAINER, J. C. (2013): *Falange y literatura*, Barcelona, RBA.
- MONTES, E. (1940): *El viajero y su sombra*, Madrid, Cultura Española.
- MONTES, E. (1944): *Melodía italiana*, Madrid, Cigüeña.
- MONTES, E. (1949): *Elegías europeas*, Madrid, Afrodisio Aguado.
- MONTES, E. (1953): *La estrella y su estela*, Madrid, Ediciones del Movimiento.
- MONTES, E. (1980): *Tres contos*, Madrid, Enxebre Orde da Vieira.
- MONTES, E. (1984): *Obra en galego*, v. 1., Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- MUÑOZ SORO, J. (2013): «Despojos despojados. Los intentos de repatriación de los restos de Antonio Machado durante el franquismo», *Cercles. Revista d'Història Cultural*, 16: 124-145.

- PRADA RODRÍGUEZ, J. (2005): *A dereita política ourensá: monárquicos, católicos e fascistas (1934 – 1937)*, Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- VALCÁRCEL, M. (2001): «A presenza ourensá de Eugenio Montes: as súas colaboracións en *La Zarpa* nos anos 20», en *Xornadas sobre Eugenio Montes*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo: 77–94.
- Xornadas sobre Eugenio Montes: Actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Ourense, os días 23 e 24 de novembro de 2000* (2001): Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo.